

[MVAG/MSGN]

Na sala de comisións “Concepción Arenal” do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, o día 13 de decembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

**Mesa:**

Cristina Sanz Arias  
(Presidenta)  
Victor Manuel Baladrón Lamas  
(en substitución de María Deza Martínez)  
(Vicepresidente en funcións)  
Óscar Insua Lema  
(en substitución de Ramón Tomás Fernández Alfonzo)  
(Secretario en funcións)

**Vogais:**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**

María Encarnación Amigo Díaz  
Cristina Campero Dorado  
(en substitución de Miguel Ángel Viso Diéguez)  
Miguel Fidalgo Iglesias  
Rubén Lorenzo Gómez  
María Felisa Rodríguez Carrera  
Ángel Rodríguez Conde  
Borja Vereza Fraiz

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Xosé Luís Bará Torres  
(en substitución de Ruanova Vilas-Boas)  
José Manuel G Acuña  
Carmela González Iglesias  
José Daniel Pérez López

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):**

Patricia Iglesias Rey  
Lara Méndez López

**Comparecentes:**

Director xeral de Comercio e Consumo  
Secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético  
Director xeral de Planificación Enerxética e Minas

**Letrada:**

María Vicenta Aneiros González



A presidenta abre a sesión e rógalle ao señor Ínsua Lema, Oscar, secretario en funcións, que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

#### **Punto único.- Preguntas**

- 1.1                    7613 (12/POC-001240)**  
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**  
**Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia**  
**Sobre a continuidade e as posibilidades de mellora das subvencións ás asociacións e federacións de comerciantes destinadas á revitalización do comercio de proximidade e ao impulso do consumo local**  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 13.08.2024*

A **señora Méndez López, Lara (S)**, dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **señor director xeral de Comercio e Consumo (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), Gabriel Alén Castro**.

En rolda de réplica a **señora Méndez López, Lara (S)**, agradece a resposta recibida sobre a que expón novas consideracións.

O **director xeral de Comercio e Consumo**, pecha o debate desta iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención e respondendo deste xeito ás consideración plantexadas.

- 1.2                    7878 (12/POC-001372)**  
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**  
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**  
**Sobre o estado do expediente da subvención concedida ao Concello de Valga para a construción dunha subestación eléctrica co obxecto de dar servizo ao polígono empresarial da Medela e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para que se poida executar a obra**  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f1, do 23.08.2024*

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Bará Torres, Xosé Luis (BNG)**, que pasa



a dar conta das razóns que motivaron a formulación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético (Consellería de Economía e Industria), Nicolás Vázquez Iglesias**.

Na rolda de réplica o **señor Bará Torres, Xosé Luis (BNG)**, manifesta o seu desacordo coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto.

O **secretario xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético**, pecha o debate desta iniciativa puntualizando a súa intervención anterior e contestando ás novas consideracións formuladas.

*A Presidencia agradece a presenza do señor Vázquez Iglesias nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse para atender outras obrigas.*

Neste intre non se atopa presente a persoa encargada de darlle resposta á seguinte pregunta que figura na orde do día, polo que a presidenta propón unha alteración na orde do día consistente en tramitar de seguido a pregunta que figura en cuarto lugar. Acéptase por asentimento a proposta de alteración.

**1.4            12116 (12/POC-002006)**  
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**  
**Rodríguez Carrera, María Felisa e 8 máis**  
**Sobre o balance do traballo desenvolvido polo Laboratorio de**  
**Consumo de Galicia e as súas funcións**  
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97f2, do 09.10.2024***

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Rodríguez Carrera, María Ferlisa (P)**, que pasa a expoñer os motivos nos que basea a formulación da pregunta que figura no BOPG anteriormente subliñado.

Para dar resposta a esta iniciativa intervén, en nome da Xunta de Galicia, o **señor director xeral de Comercio e Consumo (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), Gabriel Alén Castro**.

En rolda de réplica, a **señora Rodríguez Carrera, María Felisa (P)**, agradece a información recibida, sobre a que expón novas consideracións.



Pecha o debate desta iniciativa o **señor director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén Castro**, ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

*A Presidencia agradece a presenza do señor Alén Castro nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.*

A Presidencia suspende a sesión por uns minutos para facilitar a incorporación do representante da Xunta encargado de dar resposta á pregunta que figura en terceiro lugar.

Reiníciase a sesión e a presidenta comunica que a pregunta co número de rexistro 8274 se apraza por imposibilidade de asistencia da persoa encargada de contestala debido a compromisos adquiridos con anterioridade.

- 1.3                    8274 (12/POC-001495)**  
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**  
**Verea Fraiz, Borja e 8 máis**  
**Sobre o balance das axudas impulsadas pola Xunta de Galicia**  
**destinadas a desenvolver un modelo turístico propio e as medidas**  
**previstas para 2024**  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70f2, do 23.08.2024*

Aprazada por petición da Xunta de Galicia.

- 1.5                    13796 (12/POC-002194)**  
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**  
**Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis**  
**Sobre o proxecto técnico para a construción da subestación eléctrica de**  
**Maciñeira, nas Pontes, o coñecemento do que dispón a Xunta de**  
**Galicia da futura instalación e os criterios que ten verbo das súas**  
**características**  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112f2, do 05.11.2024*

O **señor Golpe Acuña (BNG)**, expón as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **señor director xeral de Planificación Enerxética e Minas (Consellería de Economía e Industria) Pablo Fernández Vila**.

En rolda de réplica o **señor Golpe Acuña (BNG)**, manifesta o seu agradecemento pola información facilitada sobre a que expón novas consideracións.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **señor director xeral de Planificación Enerxética e Minas, Pablo Fernández Vila**, que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

*A Presidencia agradece a presenza do señor director xeral nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas, dado que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.*

Remata a sesión ás 12:40 horas.

**Cristina  
Sanz Arias**

**V. e pr.**

Firmado digitalmente por Cristina Sanz Arias  
Presidente da Comisión  
Nombre de reconocimiento (DN):  
cn=Cristina Sanz Arias,  
email=cristina.sanz.arias@parlamentodegalicia.es  
Fecha: 2025.02.25 12:52:23 +01'00'

**Óscar  
Insua Lema**

Firmado  
digitalmente por  
Óscar Insua Lema  
Fecha: 2025.02.25  
11:08:22 +01'00'

**Oscar Ínsua Lema**  
**Secretario en funcións da Comisión**